

66/77
ID: 1076
3
7

PROVINCIA: LUGO	MUNICIPIO: SARRIA
-----------------	-------------------

CARPETA-FICHA DEL MONTE:

/' "PENA y CRUZ DE AGUIEIRA" y S. MARCOS. '

COMUNIDAD PROPIETARIA

V^s: GOYAN (P.^a)

CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	57	22.	1

SUPERFICIE

HECTAREAS
161

En la ciudad de Lugo a treinta de abril de mil novecientos setenta y nueve, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación del monte "PENA Y CRUZ DE AGUIEIRA" Y "SAN MARCOS", como monte vecinal en mano común a tenor de la siguiente resolución:

- Visto en el día de la fecha el expediente de clasificación del monte "PENA Y CRUZ DE AGUIEIRA" Y "SAN MARCOS", expediente n.º 66/78, del ayuntamiento de Sarría, ha promovido a instancia de la Administración Forestal y,

RESULTANDO.- Que con fecha 31 de marzo de 1.978, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acordó la iniciación y tramitación del expediente de clasificación del monte "PENA Y CRUZ DE AGUIEIRA" Y "SAN MARCOS", designando como instructor al Vocal DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se dictó providencia por la que se da comienzo al expediente de clasificación n.º 66/78, poniendo por cabeza del mismo copia de acuerdo del Jurado Provincial y la documentación aportada.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se dictó providencia acordando requerir al ayuntamiento de Sarría, para que aportara:

a) Certificación del Registro de la Propiedad, relativa a la inscripción del monte "PENA Y CRUZ DE AGUIEIRA" Y "SAN MARCOS", de 161 Ha, sito en la parroquia de Goyán, b) Certificación del Inventario de Bienes Municipales, relativa al monte "PENA Y CRUZ DE AGUIEIRA", c) Certificación del acuerdo municipal, relativo al Consorcio con la Administración forestal para la repoblación de dicho monte.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se acordó recibir de la Administración Forestal I.C.O.N.A., certificación relativa a si el monte "PENA Y CRUZ DE AGUIEIRA" Y "SAN MARCOS", figura incluido en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la provincia de Lugo.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se dictó providencia acordando la publicación de edicto en el ayuntamiento de Sarría, poniendo en conocimiento de todos los interesados la incoación del presente expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él, en defensa de sus derechos e intereses.

RESULTANDO.- Que con fecha 20 de junio de 1.978, se recibió certificación del ayuntamiento de Sarría en la que consta que el edicto permaneció expuesto al público en el tablón de anuncios y lugares de costumbre durante el tiempo correspondiente.

RESULTANDO.- Que con fecha 20 de julio de 1.978, se recibió certificación relativa al Registro de la Propiedad, en la que consta que la finca "PENA Y CRUZ DE AGUIEIRA" Y "SAN MARCOS" no aparece inscrita a nombre de persona alguna.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de junio de 1.978, se recibió certificación del Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza, en la que consta que el monte "PENA Y CRUZ DE AGUIEIRA" Y "SAN MARCOS", sito en la parroquia de Goyán, ayuntamiento de Sarría, está en parte incluido en el denominado "PENA Y CRUZ DE AGUIEIRA", n.º 77 - A y "LUDERIC Y MACAQUE" n.º 77 - B, del Catálogo de los de Utilidad Pública de la provincia de Lugo.

RESULTANDO.- Que en el expediente de investigación que figu-

ra unido en cuerdos de foja, consta que en el caso presente no hicieron declaración alguna los vecinos interesados.

RESULTANDO.- No se recibió ninguna reclamación contra la clasificación del citado monte.

RESULTANDO.- Que en la instrucción del expediente se han cumplido los trámites y formalidades que establecen la Ley de Montes Vecinales en Manó Común, de 27 de julio de 1.968, y su Reglamento de 26 de febrero de 1.970, así como la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de julio de 1.978.

Vistas las citadas Leyes y Reglamento y disposiciones de pertinente aplicación.

CONSIDERANDO.- Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Manó Común, tiene competencia y jurisdicción para conocer del expediente el cual fue promovido por la Administración Forestal con capacidad y legitimación para ello, habiéndose formulado la iniciación y tramitación del expediente en lugar, forma y tiempo, todo ello a tenor de lo dispuesto en los artículos 10 y 11 de la Ley de Montes Vecinales en Manó Común y 10 y 18 de su Reglamento.

CONSIDERANDO.- Que para determinar si un monte merece la clasificación de vecinal en manó común, se hace preciso concretar si en el mismo concurren los requisitos reales que establecen la Ley de Montes Vecinales en Manó Común, de su artículo 1.º y así como el artículo 1.º de su Reglamento a saber:

a) Que su pertenencia está atribuida a determinados vecinos agrupados en aldeas, lugares o parroquia de calidad de tales en proindivisión con independencia de su origen en comunidad germánica o manó común, b) Que tal comunidad de vecinos no esté constituida formalmente en entidad municipal.

CONSIDERANDO.- Que el monte "PENA Y CRUZ DE AGUISIRA" Y "SAN MARCOS", este perfectamente identificado tanto por el Ayuntamiento de Sarria, como por la Administración Forestal y en tal concepto fue consorciado, asimismo fue identificado por los vecinos que comparecieron en el expediente de investigación unido, los cuales se consideran con derecho a los aprovechamientos que sobre el citado monte puedan obtenerse a partes iguales.

CONSIDERANDO.- Que cualquiera que hubiese sido la propiedad de monte en tiempos remotos los efectos, de la prescripción extraordinaria regulada, por el artículo 1.959 del Código Civil, legitiman la titularidad de los actuales aprovechadores.

Este Jurado Provincial a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas, ha acordado:

1.º.- Clasificar el monte "PENA Y CRUZ DE AGUISIRA" Y "SAN MARCOS", como se describe en el expediente n.º 66/78, como monte vecinal en manó común, perteneciente a los vecinos de la parroquia de Goyán, Ayuntamiento de Sarria.

2.º.- Que se emita certificación de la resolución firmada de este Jurado al registrador de la propiedad, para la inscripción del monte a nombre de la comunidad titular del mismo, a tenor de lo dispuesto en el apartado a) del artículo 30 del Reglamento de Montes Vecinales en Manó Común.


[Handwritten signatures and stamps]

[Signature]
[Signature]
[Signature]


[Stamp]

Término
de Páramo

LU 57	22	1
-------	----	---



Ctera. local de
Mazadoiro a Escarlán





DONA ANA MANUELA BELINCHÓN JIMÉNEZ, SECRETARIA DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN,

CÉRTIFICA:

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do quince de marzo de dous mil seis, figura o acordo seguinte:

<< 4. Varios:

- u) Monte **SAN MARCOS** (expediente 64/78), pertencente aos veciños da parroquia de **BELANTE**, no termo municipal de **SARRIA**, e clasificado como veciñal en man común por resolución con data 30 de abril de 1979, Monte **PENA**, **CRUZ DE AGUIEIRA** e **SAN MARCOS** (expediente 66/78), pertencente aos veciños da parroquia de **GOIÁN**, no termo municipal de **SARRIA**, e clasificado como veciñal en man común por resolución da mesma data, e Monte **SAN MARCOS** e **REGATIÑA** (expediente 84/78), pertencente aos veciños da parroquia de **BIVILLE**, do mesmo termo municipal de **SARRIA**, e clasificado como veciñal en man común por resolución con data 18 de xuño de 1979. Con data 13 de abril de 2005 tivo entrada escrito asinado por **D. MANUEL ARIAS FERNÁNDEZ**, **D. MARCELINO BOADO SANTOS** e **D. ANTONIO TORRES LÓPEZ**, como presidentes, respectivamente, das xuntas rectoras dos montes expresados, dando traslado dun acordo de deslinde de avenencia practicado entre as comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os tres montes, aprobado mediante contrato privado, do que xuntaban orixinal, no que se reflexan a comparecencia dos tres representantes así como certificacións de aprobación por cada unha das tres comunidades implicadas; xuntaban, mesmamente, informe pericial coa descrición dos lindes segundo o acordo, e a superficie resultante nas parcelas deslindadas. Remataban solicitando que se fixese constar este deslinde, no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común. Examinada a documentación referida, e tendo en conta que presentan un contrato privado, o Xurado, na reunión celebrada o 5 de maio de 2005, acordou, requirir das comunidades implicadas que elevasen o devandito acordo a escritura pública ou ben o someteran a conciliación perante o Xulgado de Paz. Con data 3 de xuño de 2005, ten entrada escrito do presidente da xunta rectora de Biville, aportando o documento de protocolización perante notario do devandito deslinde. Ao mesmo tempo emítese informe polo persoal do Servizo de montes e industrias forestais, especificando as modificacións da superficie que se producen como consecuencia da avenencia, así como os lindeiros resultantes, concluindo que a superficie total dos tres montes resultante tras a avenencia, é practicamente a mesma, sumando un total de 241 has. Examinada a documentación referida, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, aceptando o deslinde practicado, proceder ás oportunas modificacións no expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co mesmo.


É para que conste, para a súa remisión a **D. MARCELINO BOADO SANTOS**, e sen


prexuízo da ulterior aprobación da ACTA da sesión á que se fai referencia, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural, Presidente do Xurado, en Lugo, a tres de abril de dous mil seis.

Vº e Pr.
**O DELEGADO PROVINCIAL
PRESIDENTE DO XURADO,**



Asdo: Eraldo López Pérez.





 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE Delegación Provincial de Lugo Servicio de Montes e Industrias Forestales	
PLANO Nº3 ESCALA 1:15000		AVENENCIA ENTRE BIVILLE, BELANTE Y GOIÁN (Término Municipal de Sarria)	
 Deslinde de Goián Superficie del MVMC después de avenencia 142,5 ha.		En Lugo, a 4 de Julio de 2005 EL INGENIERO DE MONTES Fdo: Fernando Rengifo Méndez-Núñez	



**DONA ANA MANUELA BELINCHÓN JIMÉNEZ, SECRETARIA DO XURADO
PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN,**

CERTIFICA:

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do dous de abril de dous mil nove, figura o acordo seguinte:

<< 4. Varios:

- n) Monte **PENA, CRUZ DA AGUIEIRA e SAN MARCOS** (expediente 66/78), pertencente aos veciños da parroquia de **GOIÁN**, no termo municipal de **SARRIA**, e clasificado como veciñal en man común por resolución con data 30 de abril de 1979 e Monte **SAN MARCOS** (expediente 67/78), pertencente aos veciños da parroquia de **MEIXENTE**, no termo municipal de **SARRIA**, e clasificado como veciñal en man común por resolución con data 30 de abril de 1979. Con data 17 de marzo de 2009 tivo entrada escrito asinado por **D. MARCELINO BOADO SANTOS e D. NILO LÓPEZ FERNÁNDEZ**, como presidentes das xuntas reitoras de Goián e Meixente, respectivamente, dando traslado dun acordo de **deslinde de avinza** practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado o 2 de marzo de 2009, perante o Xulgado de 1ª Instancia de Sarria; xuntan acta do deslinde, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslinde ao Servizo de Montes e Industrias Forestais, recíbese nota interior, con data 20 de marzo de 2009, na que se especifican as modificacións da superficie que se producen como consecuencia da avinza, quedando o monte **PENA, CRUZ DA AGUIEIRA e SAN MARCOS**, cunha superficie de **136 hectáreas, 98 áreas e 61,5 centiáreas**, e o monte **SAN MARCOS**, cunha superficie de **61 hectáreas, 78 áreas e 86 centiáreas**. Examinada a documentación referida, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, aceptando o deslinde practicado, proceder ás oportunas modificacións nos expedientes, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co mesmo.

(...) >>

E para que conste, para a súa remisión a **parte interesada**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural, Presidente do Xurado, en Lugo, a 3 de abril de dous mil nove.


Vº e Pr.



**O DELEGADO PROVINCIAL
PRESIDENTE DO XURADO,**



Asdo: **Emilio López Pérez.**





 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Delegación Provincial de Lugo Servizo de Montes e I.F.	
MVMC DE PENA, CRUZ DA AGUIEIRA E SAN MARCOS DOS VECIÑOS DE GOIÁN DESPOIS DA AVINZA		AVINZA ENTRE AS COMUNIDADES DE GOIÁN E MEIXENTE MONTES: "SAN MARCOS (6778) E PENA, CRUZ DA AGUIEIRA E SAN MARCOS (6678)" PERTENZAS: C.C.M.V.V.M.C. Meixente e Goián PARROQUIAS: Meixente e Goián CONCELLO: Sarria	
Escala: 1:10000	Nº plano: 2	Lugo, 20 de marzo de 2009 O ENXENEIRO DE MONTES	
 MVMC DE PENA, CRUZ DA AGUIEIRA E SAN MARCOS DESPOIS DA AVINZA (136 ha, 98 a e 61,5 ca)		Fernando Rengifo Méndez-Núñez	



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **27 de marzo de 2019**, figura o seguinte acordo:

Monte PENA, CRUZ DA AGUIEIRA E SAN MARCOS (expediente 66/78), pertencente aos veciños da parroquia de GOIÁN, no termo municipal de SARRIA, e monte VERDUCEDO, COSTA DE PÁRAMO E COSTOIRAS (expediente 10/80), pertencente aos veciños da parroquia de SAA no termo municipal de O PÁRAMO. O 3 de decembro de 2018, ten entrada escrito de José Carlos López Pérez e María Isabel López Silvosa, como presidentes das comunidades respectivas, achegando un acordo de deslindamento de avinza practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado perante o Xulgado de Paz de O Páramo; xuntan acta do deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslindamento ao Servizo de Montes, o 15 de marzo de 2019 emite un informe (núm. 74/18), no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia da avinza, nos termos que se describen no dito informe. O monte PENA, CRUZ DA AGUIEIRA E SAN MARCOS queda cunha superficie de 141 hectáreas, e o monte VERDUCEDO, COSTA DE PÁRAMO E COSTOIRAS, cunha superficie de 268 hectáreas. Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento por avinza practicado, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos.

Para que conste, expido este certificado co visto e prace da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.





Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,


CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **25 de xuño de 2019**, figura o seguinte acordo:

Monte PENA, CRUZ DA AGUIEIRA E SAN MARCOS (expediente 66/78), pertencente aos veciños da parroquia de GOIÁN, no termo municipal de SARRIA, e monte COSTA DE PÁRAMO (expediente 12/80), pertencente aos veciños da parroquia de TORRE no termo municipal de O PÁRAMO. O 03-05-2019, ten entrada escrito de José Carlos López Pérez, como presidente da comunidade de Goián, achegando un acordo de deslindamento de avinza practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado perante o Xulgado de Paz de O Páramo; xuntan acta do deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslindamento ao Servizo de Montes, o 23-05-2019 emite un informe (núm. 29/19), no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia da avinza, nos termos que se describen no dito informe. O monte PENA, CRUZ DA AGUIEIRA E SAN MARCOS queda cunha superficie de 141 hectáreas, e o monte COSTA DE PÁRAMO, cunha superficie de 168 hectáreas. Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento por avinza practicado, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.





XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Xefatura Territorial de Lugo Servizo de Montes		
Plano de: Deslinde por avinza entre os montes veciñais en man común Pena, Cruz da Agueira e San Marcos (exp 66/78) e Costa do Páramo (exp 12/80)		
Monte: Pena, Cruz da Agueira e San Marcos Pertenza: Veciños de Goián Concello: Sarria Superficie previa: 141 ha Superficie posterior: 141 ha Carpeta 2019_29		Monte: Costa do Páramo Pertenza: Veciños de Torre Concello: O Páramo Superficie previa: 166,58 ha Superficie posterior: 168 ha
Escala: 1:18.000	PLANO 3: SITUACIÓN POSTERIOR AO DESLINDE	Visto e praba O xefe do Servizo de Montes Carlos Vazquez Diaz
12_80_Torre_posterior 66_78_Goián_posterior Avinza Torre-Goián	A enxeña técnica en topografía Lugo, 23 de maio de 2019 Sonia Villaverde Vieltes	



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,


CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **10 de xuño de 2020**, figura o seguinte acordo:

Monte PENA, CRUZ DA AGUIEIRA E SAN MARCOS (expediente 66/78), pertencente aos veciños da parroquia de GOIÁN no termo municipal de SARRIA e monte FARO (expediente 2/80), pertencente aos veciños da parroquia de FRIOLFE no termo municipal do PÁRAMO. O 19.12.2019, ten entrada escrito do representante da comunidade de Goián, achegando un acordo de deslindamento por avinza practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado perante o Xulgado de Paz do Páramo; xuntan acta do deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslindamento ao Servizo de Montes, o 18.02.2020 emite un informe (núm. 2019/81), no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia da avinza, nos termos que se describen no dito informe. O monte PENA, CRUZ DA AGUIEIRA E SAN MARCOS queda cunha superficie de 141 hectáreas e o monte FARO, cunha superficie de 124 hectáreas. Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, acorda aprobar o deslindamento por avinza practicado, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.





XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Xefatura Territorial de Lugo Servizo de Montes		
Plano de: Deslinde por avinza entre os montes veciñais en man común Pena, Cruz da Agueira e San Marcos (exp 66/78) e Faro (exp 2/80) Carpeta 2019_81		Monte: Pena, Cruz da Agueira e San Marcos Pertenza: Veciños de Goián Concello: Sarria Superficie previa: 141 ha Superficie posterior: 141 ha
Escala: 1:18.000		Plano 3: SITUACIÓN POSTERIOR AO DESLINDE
 		Visión e prace O xefe do Servizo de Montes Miguel Ángel Cella González
		A enxeñeira técnica en topografía Lugo, 18 de febreiro de 2020 Sonia Vilaverde Vieites



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **11 de xaneiro de 2021**, figura o seguinte acordo:

Monte **Pena, Cruz da Agueira e San Marcos** (exp. 66/78), pertencente aos veciños da parroquia de **Goián**, no concello de **Sarria**, clasificado polo xurado o 30-04-1979.


- O 27.2.2019 ten entrada unha proposta de deslindamento parcial do monte veciñal con propiedades particulares, aprobada pola comunidade de Goián.
- O 8.2.2019 o Servizo de Montes emite un informe favorable da proposta presentada.
- O 18.3.2019 envíase ao concello de Sarria o anuncio para os efectos da súa publicidade no seu taboleiro.
- O 29.3.2019 publícase no DOG o anuncio polo que se fai pública a proposta de deslindamento e ábrese o período para alegacións. Expediente de deslinde **2DES/2019**
- Tras analizar as alegacións presentadas, o 27.1.2020 e 28.1.2020 a comunidade de Goián reafirmase na proposta de deslindamento, que é informada favorablemente polo Servizo de Montes o 17.3.2020.
- O 16.7.2020 e 17.8.2020 a comunidade de Goián presenta a proposta da liña de deslindamento definitiva.
- O 10.11.2020 o Servizo de Montes emite un informe no que se especifican as modificacións que se producen como consecuencia do deslindamento. Segundo a nova cartografía, o monte de **Pena, Cruz da Agueira e San Marcos** pasa a ter **136 hectáreas**.

De conformidade co disposto no artigo 54.3 da lei 7/2012, no caso de informe favorable, unha vez ratificado o deslindamento provisional pola asemblea xeral, darase traslado ao xurado provincial dos acordos alcanzados, o xurado provincial de montes veciñais en man común ditará resolución aprobatoria do deslindamento.

En vista do anterior, o xurado, por unanimidade, ACORA aprobar o deslindamento e proceder a realizar as oportunas correccións no expediente, de conformidade co informe elaborado polo Servizo de Montes.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.





		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Xefatura Territorial de Lugo Servicio de Montes			
Plano de: (Exp_Sarria_66/78_2DES_2019) Deslindamento parcial con particulares do monte veciñal en man común de Pena, Cruz de Agueira e San Marcos (exp66/78)		Monte: Pena, Cruz de Agueira e San Marcos Pertenza Veciños de Goián Superficie previa 141 ha Superficie posterior 136 ha		Municipio: Sarria	
Escala: 1:12.000	Plano 4. Situación do monte posterior		Visto e prace O xefe de Servizo		O xefe de área
Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89			(Asinado Dixitalmente)		(Asinado Dixitalmente)
----- LINEA-DESLINDE-PARTICULARES					
MVMC_GOIAN_PARTIC_DESPUES					

Asinado por CELIA GONZALEZ MIGUEL ANGEL
Cargo: Xefe do Servizo
Data e hora: 11/12/2020 07:54:37

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN Expediente: 3/2021

PRESIDENTE:
M^a Olga Iglesias Fontal

VOGAIS:
Miguel Ángel Cela González
Josefina Pereira de la Riera
Antonio J. López Acuña Herrero

SECRETARIA:
Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día **28 de xuño de 2022**, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, reunido e constituído polas persoas que á marxe se relacionan, adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número **3/2021** para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **GOIÁN (ampliación)**, no concello de **Sarria**, iniciado por acordo do xurado do 11.1.2021, do que é instrutor o vogal Miguel Ángel Cela González, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Na sesión do 11.1.2021 iníciase o expediente 3/2021, a instancia do presidente da comunidade MVMC de Goián. Na mesma sesión, o vogal Miguel Ángel Cela Gonzalez é designado instrutor do expediente.

Segundo.- O día 5.7.2021 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, unha certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

Terceiro.- O día 12.7.2021, o Servizo de Montes emite certificación na que consta que o monte **Goián (ampliación)** non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de Lugo.

Cuarto.- O día 7.7.2021 é enviada unha solicitude ao **Rexistro da Propiedade de Sarria** para que informe do seguinte:

- Certificación dos asentos que poidan afectar aos terreos obxecto de clasificación, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos.
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións



de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

Quinto.- O día 6.8.2021, ten entrada un escrito da rexistradora da propiedade de Sarria mediante o que solicita máis información sobre os predios obxecto deste expediente.

Sexto.- O día 17.11.2021 é enviada unha **mellora da solicitude ao Rexistro da Propiedade de Sarria** ca finalidade de que emita os certificados indicados no antecedente cuarto.

Sétimo.- O día 18.11.2021 notifícaselle á comunidade de Goián a **suspensión do prazo para resolver** polo tempo que medie entre a petición e a recepción do informe solicitado ao Rexistro da Propiedade de Sarria.

Oitavo.- Na sesión do 20.12.2021, o Xurado Provincial de Clasificación de MVMC acorda una **ampliación do prazo de resolución por 9 meses máis**. Este acordo é notificado ao solicitante do expediente o día 12.1.2022

Noveno.- O día 16.3.2022 ten entrada unha certificado do **Rexistro da Propiedade de Sarria** de que non figuran inscricións das parcelas catastrais obxecto de clasificación.

Décimo.- O día 31.3.2022 comunícase a iniciación do expediente ao **Servizo de Montes**, con indicación do prazo para presentar alegacións.

Décimo primeiro.- O día 31.3.2022 comunícase a iniciación do expediente á comunidade de Goián, solicitante da clasificación, con indicación do prazo para presentar alegacións.

Décimo segundo.- O día 31.3.2022 comunícase a iniciación do expediente ao Rexistro da Propiedade de Sarria e solicítase a **anotación preventiva** dos terreos a favor da comunidade e Goián.

Décimo Terceiro.- O día 31.3.2022, comunícaselle á Xerencia Territorial do Catastro a iniciación do expediente coa identificación da referencia catastral obxecto da clasificación.

Décimo Cuarto.- O día 6.4.2022 envíase unha comunicación ao **Concello de Sarria** da iniciación do expediente e remíteselle un edicto para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume da parroquia onde radica a comunidade do monte.

Décimo quinto.- O día 13.4.2022 sae publicado o anuncio no DOG, mediante o que se fai público o inicio do expediente de clasificación de **Goián (ampliación)** así como a apertura dun prazo para presentar alegacións.



Décimo sexto.- O día 5.5.2022, ten entrada un escrito da rexistradora da propiedade de Sarria mediante o que comunica que suspende a práctica da anotación preventiva por falta de datos. Por esta razón, o 18.5.2022 é enviada unha mellora da dita solicitude ao rexistro da propiedade.

Décimo sétimo.- O día 9.5.2022, ten entrada unha certificación do Concello de Sarria que acredita que tivo lugar a exposición pública solicitada.

Décimo oitavo.- O día 3.6.2022 envíaselle á comunidade de Goián unha notificación relativa ao dereito de elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte **Goián (ampliación)**.

Décimo noveno.- O día 14.6.2022 ten entrada unha comunicación na que se identifica aos representantes que asistirán á reunión do xurado na que se estude o expediente de Cotarelo. Asistirán: José Carlos López Pérez e M^a Olga Pérez López.

Vixésimo.- Non foron presentadas alegacións.

FUNDAMENTO DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, ou seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.
3. Examinada a documentación do presente expediente, e posto que non constan alegacións en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudo previo realizado polo Servizo de Montes coa elaboración da carpeta-ficha.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man común **RESOLVE CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome: GOIÁN (ampliación)
Pertenza: Veciños da parroquia de Goián
Parroquia: Goián
Concello: Sarria
Superficie: 6,00 hectáreas



Na seguinte táboa indícanse a referencia catastral das parcelas obxecto de clasificación así como das estremeiras:

Zona	Parcela obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras		
1	27057A02300631	Norte	27057A02300255	
		Leste	27057A02300255	
		Sur	27057A02309007 camiño	
		Oeste	27057A02300263	
2	27057A02201218 27057A02201263 27057A02201219 27057A02201150	Norte	27057A02209003 camiño	
			27057A02201148	
			27057A02201149	
			27057A02209007 camiño	
			27057A02201152	
		27057A02209004	Leste	27057A02201169
		27057A02201130		
		27057A02201129		
		27057A02209003 camiño	Sur	27057A02200837
		Oeste	27057A02200837	
27057A02200841				
27057A02201131				
27057A02201132				
27057A02201141				
27057A02201146				
27057A02201145				
27057A02201143				
3	27057A02201220	Norte	27057A02209004 camiño	
		Leste	27057A02209004	
		Sur	27057A02200839	
		27057A02201129		
Oeste	27057A02201130			
4	27057A02201193	Norte	27057A02200846	
		Leste	27057A02200839	
			27057A02200840	
		Sur	27057A02200840	
Oeste	27057A02209003			
5	27057A02300440	Norte	27057A02309021 camiño	
		27057A02209009 camiño		
Leste	27057A02209009			



Zona	Parcela obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
		Sur	27057A02209009 27057A02300442
		Oeste	27057A02300441 27057A02309021

Tendo en conta esta ampliación, o MVMC da comunidade de Goián pasa a ter unha superficie total de **142 hectáreas**.

Lugo, 28 de xuño de 2022

Os membros do xurado



624500

625000

625500

626000

4741500


4741500




4741000

4741000

4740500

4740500




 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Xefatura Territorial de Lugo Servizo de Montes			
Plano de: (Exp. Sarria_66/78_71_2019) Proposta de ampliación do monte veciñal en man común de Pena, Cruz de Agueira e San Marcos (exp66/78)		Monte: Pena, Cruz de Agueira e San Marcos Pertenza Veciños de Goían Superficie previa 136 ha Superficie posterior 142 ha		Municipio: Sarria	
Escala: 1:6.000		Plano 2.1. Predios de ampliación con indicación das zonas		Visto e prace O xefe de Servizo	
Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89				O xefe de área	






624500

625000

625500

626000



 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Xefatura Territorial de Lugo Servizo de Montes		
Plano de: (Exp_Sarria_66/78_71_2019) Proposta de ampliación do monte veciñal en man común de Pena, Cruz de Agueira e San Marcos (exp66/78)		Monte: Pena, Cruz de Agueira e San Marcos		Municipio: Sarria
		Pertenza Veciños de Goián		
		Superficie previa 136 ha		
		Superficie posterior 142 ha		
Escala: 1:13.000	Plano 3. Monte posterior		Visto e prace O xefe de Servizo	
Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89			O xefe de área	
		 		

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **9 de outubro de 2023**, figura o seguinte acordo:

MVMC **Pena, Cruz da Agueira e San Marcos** (exp. 66/78), pertencente aos veciños da parroquia de **Goián**, no concello de **Sarria**.

O 1.8.2022 tivo entrada unha copia da sentenza firme do 7.6.2022, recaída no xuízo verbal 327/2022, do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº1 de Sarria.

A sentenza estima a demanda e declara que o *monte de Penamoura [...] pertence en réxime de monte veciñal en man común á comunidade de veciños do lugar de Tremeado [...] Que o límite entre os montes veciñais de Tremeado e de Goián é o determinado polos piquetes 92-97 do deslindamento do Monte de Utilidade Pública nº77-A Pena e Cruz de Agueira, aprobado por Orde Ministerial do 29.11.1969.*

De conformidade coa sentenza, en relación co monte de Goián, o 28.9.2023, o Servizo de Montes emitiu un informe **(2022_42)** no que se especifican as modificacións resultantes no monte de **Pena, Cruz da Agueira e San Marcos**, que pasa a ter unha superficie **127,2 ha**.


Examinada a sentenza, o xurado, por unanimidade, ACORDA dar cumprimento ao establecido nela e proceder ás correccións oportunas, coa incorporación do novo esbozo ao expediente.



Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.
Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe
A presidenta do xurado
Mª Olga Iglesias Fontal





 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Xefatura Territorial de Lugo Servizo de Montes	
Plano de: Modificación do monte veciñal en man común Pena, Cruz da Agueira e San Marcos (exp 66/78) como consecuencia dunha sentenza Carpeta: Sarría_66/78_2022_42		Monte: Pena, Cruz da Agueira e San Marcos Pertenza: Veciños de Goián Concello: Sarria Superficie previa: 142 ha Superficie posterior: 127,2 ha	
Escala: 1:13.000	Plano 3: Monte posterior	Visto e prace O xefe do Servizo de Montes (asinado dixitalmente)	O xefe de área (asinado dixitalmente)
 Goián_posterior			

CVE: 0218w5m3j3UG
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



© NDA cedido por © Instituto Geográfico Nacional de España